

Andar por casa*

(escolma)

Rocío PEÑALTA CATALÁN

O BRILLANTE VOO DO PAXARO ALBAL

Onte un estraño paxaro recuperou a liberdade.

Talvez cansou do cheirume da media cebola que envolvía, se callar do frío e a humidade da neveira... O caso é que voou, e o mesmo refacho de vento que o arrebatou da bancada da miña cociña fechou a xanela tras el.

Así que alí fiquei eu, sen saber moi ben o que facer, a chorar os sete chorares, non sei se pola emoción ou porque estaba a picar cebola.

O paxaro planou uns instantes ante o cristal e despois afastouse axitando os seus dobramentos prateados e despedindo escintileos metálicos.

Tento imaxinar onde estará agora.

Seguramente subiu ao alto do ceo para verificar se as nubes eran masas de vapor acuoso suspendido na atmosfera, ou enormes tampóns de algodón. Despois seguiría o ronsel dun avión ou se mesturaría cunha bandada de aves migratorias.

Viaxaría axitando as súas improvisadas ás, reflectindo o sol e enviando mensaxes cifradas no código universal dos espellos. Desde a terra, confundiríanlo cun ovni ou cun satélite artificial...

Porén, o paxaro albal é un animal dócil e caseiro, e a nostalxia sempre o vence. Por iso, talvez agora estea engurrado e renxendo fronte á xanela para que lle permitas aniñar no teu conxelador.

NOTA: o que me escapou foi un anaco de filme transparente, mais o papel albal ofrecía moitas máis posibilidades.

O ACHICOPAL

Chega o verán e... ah, as vacacións! Un crese liberado de responsabilidades: nada de preocupacións; o estrés?, esquecido; nin computadores nin oficina nin axenda. Que tranquilidade, que felicidade. Sentes ganas de asubiar, de danzar, de dar tombos (sempre que o teu anquilosamento cho permita). Comezas a facer plans: a partir de agora, nada de carreiras para apañar o metro, só paseos tranquilos e erráticos, sen prása, sen obxecto. E que tal unha viaxe á praia? Ou deitarse na herba vendo pasar as nubes, sen máis.

E unha mañá, cando aínda estás na cama, deitado, a ler, sentes unha rozadela, unhas pequenas uñas a rabuñar a madeira e corres a abrir o armario, a procurar entre a roupa de inverno e presíntelo, xusto debaixo dese xerse que cheira a naftalina. Arrédalo desacougado e alí está, ollando para ti cos seus ollos de pasado: o achicopal.

O teu achicopal ten forma de anécdota, parécese a un recordo. Unha lembranza bonita, con certeza, mais precisamente por ser xa só unha acordanza converteuse en achicopal.

Un achicopal é pequeno como un suricata, colle na palma da man, ou mesmo nun portacomprimidos. Tamén pode ser grande como un mastín que te espera sentado no felpudo cando voltas para casa. O achicopal acompañaite día e noite, silandeiro, enigmático, co seu ollar de efixie. Lévalo no peto, como un callao no zapato ou enganchado no teu pulso como un reloxo.

O teu achicopal apenas fai ruído, renxe como as follas secas ou como unha carta antiga.

* Os relatos escolmados aquí proceden do libro *Andar por casa* (Editorial Cuadernos del Laberinto, Anaquel de Narrativa, 2013), da autora. Tradución para o galego de Ricardo Pichel.

Ás veces, esqueces que está contigo e, de repente, procúralo cunha ollada, degoirado. Non se movera, está xusto onde o deixaches, cravándoches os seus ollíños brillantes e redondos como as boliñas negras.

Na escuridade da noite intúes a súa silueta, os seus ollos como dous pozos profundos xunto á almofada. Daquela, cando estás para conciliar o sono, suspira ou encóllese de ombros. E pasas o resto da noite a ollar o teito esperando que saia o sol.

Un achicopal é responsabilidade do seu dono. Non lle podes pedir ao teu veciño que che regue as plantas, que recolla as cartas da túa caixa de correo, que coide o teu achicopal. O achicopal é de teu.

O achicopal nunca vén só. Comezas a encontrar achicopais por baixo da cama; no baño, xunto ao cepillo de dentes; dentro do frigorífico; na bandexa de entrada do correo electrónico. Axiña, a túa casa échese co ulido de arañeiras ou de cristal abafado, de murmurio de portas fechadas e pasos que se afastan. E sabes que a única maneira de te librar deles é estares ocupado, voltares ao traballo e á rutina. Só así poderás esquecer os teus achicopais e, paseniño, irán marchando tal como viñeron, sen dicir unha palabra, con apenas un tremor de chuvia. E levarán consigo os seus ollares de pretérito, os seus ollos de turmalina.

Ás veces pensarás con nostalxia no teu pequeno achicopal, lembrarás o seu ollar de petróleo, e mesmo crerás ouvir un murmurio de contas de cristal, mais non o botarás de menos. Sabes que pode voltar en calquera momento, así que fechas ben as portas, tapas as fendas, desfaste de todo aquilo que o poida traer de volta: un billete do cinema, un disco, un par de peúgos vellos. Ao comezo sufrirás, sentiraste abandonado, mais o tempo todo o cura e a imaxe do achicopal irase apagando até desaparecer por completo entre esptadores e formularios.

SÍNDROME

Xa tiña experimentado aquela sensación antes de abandonar a avenida principal. Agora, nesa calella deserta, a impresión de que alguén me perseguía adquiría aínda máis consistencia. Os farois debuxaban pequenos nimbos

de luz amarelada sobre a beirarrúa. O resto da rúa permanecía nunha escuridade case absoluta. Un gato esborrexou baixo as rodas dun auto abandonado. Avancei uns metros. Apenas ouvía o eco dos meus pasos repetido polas fachadas denegridas dos edificios, polos colectores cubertos de graffiti. Aparentemente non había apenas ninguén. No entanto, podía imaxinar a presenza do meu perseguidor oculto tras algún recanto, no limiar sombrío dalgún daqueles portais. Continuí camiñando, botando olladas por cima do ombreiro, a espreitar na noite cos ollos entornados. Daquela pareceume ver un home da miña estatura alumeado por un relampo de lúa. Decontado, recuou para volver desaparecer na negrura da noite. Con certeza, vírao. Un home de complexión mediana, cun chapeu negro e un casaco luído, similar ao meu. Apurei o paso, co degoiro de me cruzar con algún paseante nocturno ou de que os meus pasos me conducisen até algunha praza concorrida. Cada vez sentíao máis perto, case me pisaba os talóns. Comezara a trotar, tentando aumentar a distancia que me separaba do meu perseguidor. Nun momento dado, parei bruscamente e vireime. Veláí estaba, a só uns metros de min. Cuns zapatos iguais que os meus, tamén zarrapicados de lama; avanzou uns pasos, até que puíden distinguir perfectamente as súas faccións na penumbra da ruela. Unha barba de dous días ourizaba un queixelo prominente como o meu; os beizos finos, similares aos meus, contraíanse nun ricto severo, de impaciencia e hostilidade; o meu propio nariz; as miñas cellas alombadas, interrogantes; os ollos marróns, do mesmo ton apardazado que os meus, reflectían os sentimentos contraditorios de medo e curiosidade que agora me asaltaban. Ficamos uns instantes ollándonos en silencio e, entón, despois dun lixeiro gargarexo, coa miña propia voz, preguntoume: «por que me segues?».

CURIOSIDADE

Un corredor branco, iluminado, con portas a ambos os dous lados. As portas, tamén brancas, con aldrabas metálicas, debúxanse sobre a parede lisa a intervalos regulares. Os fluorescentes do teito emiten unha luz leitosa e cegadora que parece vibrar. Percíbese un leve zunido. Procede dos tubos incandescentes. Ou do propio

ouvido, que se esforza por captar algún eco, o mínimo estalo.

Silencio. Nin un rumor, nin un paso. Apenas o rosmar constante do espazo baleiro. A respiración do corredor.

O corredor remata nunha revolta. Un ángulo recto. Ao virar a esquina, o corredor continúa. Ou detense, contra un muro branco. Ao final non hai nada. Ou hai algo. Como detrás de cada porta.

As portas están fechadas e non se van abrir. Non importa se se podería ou non. Simplemente, non se abrirán.

Detrás de cada unha delas hai unha realidade latente, unha posibilidade que non se vai realizar. Ao outro lado de cada panel podería haber unha tapia de ladrillo. Ou un abismo. Cada abertura podería ser unha entrada ou unha saída. Tampouco importa.

Como non interesa o que ficou atrás. O comezo do corredor. Podería ser igual, branco, con portas fechadas nas dúas paredes. Ou totalmente distinto.

O que non vemos non existe. Pódese intuír, sospeitar. Abrir unha porta suporía descifrar un segredo. Ceder a un devezo velado. Extinguir o enigma.

ELECTRICIDADE

Teño un cable. Máis ben o cabo cortado dun cable, cuxo extremo contrario –próximo ou remoto– está conectado a algún enchufe, instalación ou aparello eléctrico.

Cando un fai un furado na parede, imaxínase que pode encontrar unha tubaxe, o dormitorio do veciño ou unha cascuda que pasaba por alí naquel momento. Mais non un cable. Ben... se callar un cable si. Mais non un cable como o que decidiu engancharse na miña broca.

Puxo suavemente do cabo que sobresa polo buracuño da miña parede –mesmo a risco de sufrir unha electrocución– para me asegurar de que non é simplemente un resto esquecido; un anaquiño abandonado por accidente entre dous tabiques de escaiola. Despois, verifico que funcionan todas as lámpadas, focos, fluorescentes, díodos da miña casa. Os enchufes, interruptores, ladróns, placas, conexións, terminais, empalmes,

prolongadores, caravillas. Que continúan acesos a lavadora, o frigorífico, o forno, a radio, a vitrocerámica, o ar acondicionado, o lavalouzas, o computador, a cafeteira, o espertador, a impresora. O teléfono, o módem, a calefacción. O teléfono do porteiro automático, o timbre.

Se o cable cortado non afectou o funcionamento de ningunha das instalacións eléctricas da miña casa... tería deixado o veciño sen luz?

Despois de pasar polo piso do lado para verificar que todo continúa en orde, subo a me asegurar de que o veciño de arriba tampouco sufriu as consecuencias da intrusión da miña ousada broca exploradora nos emparedados misterios do edificio. Nada. A corrente alterna continúa a circular por todos os circuitos do inmóbel... salvo polo cable que agora asoma polo buracuño da miña parede.

En vista de que –aparentemente– non causei ningún desaguizado, volvo introducir o cable polo burato, fécchoo cun taco, unha alcaia, un cáncamo do que colga un cadro. Aquí non pasou nada.

No entanto, estou certa de que ese cable cortado impide que chegue a corrente eléctrica necesaria para o funcionamento dalgún aparello. Algo deixou –tivo que deixar– de funcionar. O elevador, o interruptor que abre o portal, a porta do garaxe, o extractor do bar que hai nos baixos do edificio. Talvez o farol da esquina, a luz verde do semáforo da miña rúa, o reloxo da igrexa. O foco que alumea a fachada do Concello, a iluminación do próximo Nadal na rúa Maior. A megafonía da estación de ferrocarril, a liña dous de metro entre as estacións de Ópera e Banco de España. Se callar o radar do quilómetro 33 da estrada da Coruña, o faro de Torredambarra, a apertura automática das portas do Corte Inglés de Sevilla, a alarma de incendios do colexio público Victoria Kent. O elevador da Tour Eiffel, o marcador do *visiting team* do estadio do Manchester United. O marcapasos de Lech Wałęsa. A draga de succión do Canal de Suez, o micrófono ante o que dará o seu próximo mitin Barack Obama, o circuito pechado de televisión da 中国中央电视台 (Zhōngguó Zhōngyāng Diànshìtái). A antena parabólica do observatorio de Arecibo en Puerto Rico, a liña telefónica interna do Kremlin, o satélite artificial ECHOSTAR 10.

O movemento de rotación da terra.

O teu corazón.

A MIÑA METADE

Con certeza, non resultou como eu esperaba. É acedo, irritante; con el, volven doer vellas feridas que cría xa fechadas, e mesmo ás veces me fai chorar. Encontrei o meu medio limón.

REFLEXIÓN

Por un momento confundíraa conmigo. Mais non era eu. Era outra, e ben distinta. A proba é que se eu chiscaba o ollo dereito, ela chiscábame o esquerdo; se eu erguía a man esquerda, ela saudaba coa miña dereita. Era xerga e sinistra para todo o que eu son recta e destra.

Tentei un diálogo. En balde. Non era unha cuestión de primeira e segunda persoas, como eu pensara ao principio. Era unha terceira persoa, unha estraña. E non me entendía.

Totalmente allea á miña presenza, mirábase no meu reflexo e ensaiaba acenos e ademáns. Estaría a mofar de min?

Daquela púxose seria. Teríame ouvido? Tería escoitado os meus pensamentos?

Paseniño, as que me pareceran diferenzas evidentes íanse esvacendo, e os trazos comúns resultábanme cada vez máis descoñecidos.

Ninguén me obrigara, mais aí estaba eu, a repetir cada un dos seus movementos, como se non tivese vontade propia. Se ela tiraba a lingua, eu imitábaa. Se alombaba as cellas, eu facía o

mesmo. Se encollía os ombros, eu repetía o aceno con igual indiferenza.

Así botamos un bo pedazo. Até que cansou e marchou do cuarto de baño. E eu fixen o mesmo.

QUE FARÍAS SE NON TIVESIS MEDO?

Ante esta pregunta, moitas persoas colocan grandes desafíos.

Se non tivese medo... Deixaría un traballo que non gosto. Diríalle a esa persoa que a quero. Viaxaría a Serra Leoa ou a Turkmenistán. Cruzaría o estreito de Kerck nadando. Lanzaríame en paracaídas.

Eu, se non sentise medo, sinxelamente, sentiría temor, desacougo, covardía, escrúpulo, desconfianza, receo, azoramento, cagana, sobresalto, inquietude, congoxa, preocupación, desasosego, axitación, intranquilidade, susto, arrepío, angustia, estremecemento, inseguridade, consternación, alarma, conmoción, arreguizo, horror, fobia, espanto, terror, pavor, pánico.

Teño tantas alternativas como sinónimos.

ABSTRACCIÓN

O meu telemóbel é un caramuxo.

Hai días en que recibo chamadas cargadas de boas noticias. Outras veces descolgo e escoito o mar.